



PALCO, organizado por AGEM e a Xunta de Galicia, abre as inscricións profesionais para participar no primeiro punto de encontro da industria musical que se celebrará en Galicia

PALCO é o novo escaparate sectorial da música impulsada desde Galicia, que terá lugar do 3 ao 5 de novembro de 2026 en Santiago de Compostela, na Cidade da Cultura e noutras salas e espazos de interese para o sector musical repartidos pola cidade

Este primeiro encontro da industria musical que se celebrará en Galicia, organizado por AGEM e a Xunta de Galicia, nace como un espazo creado para dar visibilidade ao talento, conectar profesionais e impulsar novas oportunidades para a música feita na nosa comunidade

Toda a información sobre PALCO e a segunda edición dos Premios da Industria Musical de Galicia, rebautizados como Premios PALCO, pode consultarse en www.palco.gal

As inscricións profesionais, que permitirán o acceso á programación de PALCO no Museo Gaiás, con mesas de traballo, charlas e obradoiros, reunións rápidas, *pitchings* e encontros, así como ás actuacións da programación artística en diferentes salas de concertos de Compostela, poden realizarse desde hoxe mesmo en www.palco.gal

Pola súa banda, a convocatoria de presentacións breves ou *pitchings* de PALCO, para participar en presentacións breves de propostas vinculadas á industria musical, favorecendo a creación de contactos, colaboracións e novas oportunidades para todos os participantes, pecha este mesmo xoves, 10 de setembro

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2026.- Desde esta mañá, están xa abertas as inscricións profesionais de **PALCO**, o primeiro punto de encontro da industria musical que este outono se celebrará en Galicia. Estas **inscricións profesionais** permitirán o acceso á programación da iniciativa no Museo Centro Gaiás de Compostela, con mesas de traballo, charlas e obradoiros, reunións rápidas, *pitchings* e encontros, así como ás actuacións da programación artística que se desenvolverá en diferentes salas de concertos de Santiago. As inscricións poden realizarse desde hoxe mesmo na páxina web oficial www.palco.gal.



XUNTA
DE GALICIA

GALICIA
CALIDADE



Xacobeo
2027

AGEM
ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS MÚSICAIS



PALCO é o primeiro punto de encontro da industria musical que se celebrará en Galicia, organizado pola **Asociación Galega das Empresas Musicais (AGEM)** e a **Xunta de Galicia**. Terá lugar en Santiago de Compostela do 3 ao 5 de novembro e reunirá a profesionais da industria musical arredor dunha programación pensada para compartir coñecemento, descubrir proxectos, atopar novas conexións e facer que xurdan oportunidades.

Pola súa banda, a **convocatoria de presentacións breves ou pitchings** de PALCO, para participar en presentacións breves de propostas vinculadas á industria musical, favorecendo a creación de contactos, colaboracións e novas oportunidades para todos os participantes, pechará este mesmo xoves, **10 de setembro**.

QUE É PALCO?

Este outono, Galicia conectará á industria musical co nacemento de PALCO, o primeiro –e pioneiro– encontro sectorial da música na comunidade, impulsada pola Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) e a Xunta de Galicia.

PALCO celebrarase en Santiago de Compostela ao longo de tres días, do 3 ao 5 de novembro de 2026, na Cidade da Cultura e noutras salas e espazos de interese repartidos pola cidade. Este punto de encontro da industria musical celebrado en Galicia nace coa idea de aportar visibilidade ao talento, aos proxectos e ao ecosistema musical galego. E, tamén, coa fin de favorecer conexións e oportunidades para a música feita en Galicia, fomentando as relacións entre artistas, empresas, programacións e institucións, así como xerando contextos útiles para a colaboración e o desenvolvemento.

PALCO quere impulsar, do mesmo xeito, a presenza da música galega, abrindo novas redes e espazos de traballo conxunto, ademais de reforzar Galicia como territorio de creación e de industria. Como apuntan desde a organización: “PALCO nace nun contexto propicio e oportuno, xa que a música galega leva anos demostrando a súa capacidade para emocionar, innovar e chegar cada vez máis lonxe. A música en Galicia vive un dos momentos máis fértiles da súa historia grazas ao talento dos seus artistas e ao traballo dunha comunidade profesional que impulsa, acompaña e fai posible que a música suceda”.

Destacan, tamén, que “Galicia conta cun ecosistema musical vivo, creativo e profesional. Un territorio cunha identidade propia, cunha rede de salas esencial para a súa actividade cultural, con festivais de referencia e con proxectos capaces de dialogar co local e co global. A Xunta de Galicia xunto a AGEM e os axentes do sector impulsan PALCO para reunir esta fértil



XUNTA
DE GALICIA

GALICIA
CALIDADE



Xacobeo
2027

AGEM
ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS



realidade". Deste xeito, PALCO nace como un espazo para compartir coñecemento, activar relacións profesionais, presentar proxectos e impulsar novas vías de colaboración.

Durante tres días, do 3 ao 5 de novembro 2026, Santiago de Compostela converterase no escenario onde a industria musical –principalmente a galega– conversará e se proxectará, cos obxectivos de descubrir, aprender, compartir experiencias e construír futuro. Toda a información da iniciativa pode consultarse n páxina web oficial www.palco.gal.

EQUIPO ORGANIZADOR DE PALCO

PALCO é un proxecto codeseñado no marco do Plan Estratéxico da Industria Musical de Galicia, impulsado por AGEM –entidade que defende os intereses profesionais das entidades galegas ligadas á xestión cultural e aos espectáculos vinculados á música ao vivo– e a Xunta de Galicia. Nace da vontade compartida de reforzar a conexión, a vertebración e a proxección do sector. A súa creación responde a unha das principais conclusións extraídas durante o proceso de elaboración do plan: a necesidade de contar con espazos compartidos, útiles e sostibles, pensados desde dentro da propia industria e ao servizo das súas necesidades reais.

SOBRE A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS (AGEM)

A Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) nace en 2007 para defender os intereses profesionais das empresas galegas vinculadas á música ao vivo: produtoras, promotoras, managers, axentes de contratación, compañías de representación artística, editoras fonográficas e empresas técnicas, entre outras actividades relacionadas coa xestión cultural e os espectáculos.

AGEM está integrada por empresas que conforman a cadea de valor da actividade cultural e musical. Empresas que realizan actividades de deseño, xestión e produción de eventos de carácter cultural, musical, educativo, social e de entretemento, destinados a ser realizados en locais pechados ou a ceo aberto e, en xeral, todas as actividades técnicas e preparatorias para a execución destes eventos ou servizos, incluída a actividade comercial, de representación de artistas, festivais, distribución e xestión.

Estas entidades traballan en distintos mercados de artistas internacionais, que conforman as programacións de numerosos festivais e espectáculos producidos en Galicia e noutros territorios. Igualmente, hai empresas que representan a diversos artistas, na súa maioría galegos, que traballan en mercados de todo o mundo. As socias de AGEM son promotoras de festivais maioritariamente producidos en Galicia, pero tamén noutros territorios. Empresas de produción técnica e persoal técnico especializado que traballan en numerosos espectáculos



XUNTA
DE GALICIA

GALICIA
CALIDADE



Xacobeo
2027

AGEM
ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS



producidos dentro e fóra de Galicia. Distintas gravacións producidas ou editadas por integrantes de AGEM teñen repercusión en mercados internacionais e son sincronizadas tanto a nivel fonográfico como editorial en producións audiovisuais; longametraxes, curtas, documentais e publicidade.

O impulso industrial propiciado por AGEM vai máis alá do facturado polas empresas asociadas. O impacto económico dos espectáculos nos que participa AGEM, tanto de artistas en solitario coma de festivais, é de mais de 100 millóns de euros. As empresas que conforman AGEM son a raíz do sector cultural e resultan fundamentais na industria global da cultura, na música e no seu tecido económico.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira | Tel. 620 113 155

luisa@theofficeco.es

DESCARGA PRESS KIT

<https://cutt.ly/Press-kit-PALCO-2026>



XUNTA
DE GALICIA

GALICIA
CALIDADE



Xacobeo
2027

AGEM
ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS